



REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE PONTEVEDRA
PONTEVEDRA

Data 27/06/2016 10:41:17

SAÍDA 48623 / RX 973156



**ASOCIACION DE PERSOAS CON
DISCAPACIDADE DO SALNÉS
ANDURIÑA**

(Arximiro Fernández Cabanelas)

Rúa Alcalde Xacobe Barral Otero, 5, 1ºB
36980 O Grove (Pontevedra)

Asunto: Resolución de inscripción de xunta directiva.

Recibiuse solicitude de inscripción da modificación da xunta directiva, formulada por en nome e representación da **Asociación de persoas con discapacidade do Salnés Anduriña**, inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, co **núm. 2008/012517-1ª**, e tendo en conta os seguintes FEITOS:

Primeiro. Xunto coa solicitude presentouse acta ou certificación do acordo adoptado pola asemblea xeral da asociación de 29/07/2016, na que consta a identidade dos novos titulares da xunta directiva ou órgano de representación da entidade, e os seus respectivos cargos, coa seguinte composición:

ÓRGANO DE GOBERNO	NOME E APELIDOS
PRESIDENTE	ANTONIO GARCIA CABANELAS
VICEPRESIDENTA	ELENA CHAVES ESCALANTE
SECRETARIO	ARXIMIRO FERNANDEZ CABANELAS
TESOUREIRA	CAROLINA GABRIELA FITA
VOGAL	JOSE ANTONIO PROL IGLESIAS
VOGAL	MARIA DOLORES PRIETO ALVAREZ
VOGAL	CARLOS PRIETO FONTOIRA
VOGAL	MARÍA LUISA BARREIRO CASTRO
VOGAL	ANA EVA PRIETO ALVAREZ

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

Primeiro. O artigo 22 da Constitución española reconece o dereito de asociación, a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo reguladora do dereito de asociación, reconece e regula o dereito de asociación e o Real decreto 949/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Nacional de Asociacións, establece os requisitos substantivos e de carácter formal que deben cumprir este tipo de entidades para seren inscritas.

Segundo. O Decreto 336/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia, sobre asunción de funcións e servizos pola Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asociacións, e o Decreto 276/1997, do 25 de setembro, polo que se crea o Rexistro Central de Asociacións e se regula a organización e o funcionamento dos rexistros de asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, determinan a competencia rexistral desta Administración en materia de asociacións.

Terceiro. En aplicación desta normativa, unha vez examinada a documentación incorporada ao expediente, considérase que cumpre os requisitos establecidos na normativa para a súa inscripción no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma.



Cuarto. O xefe/a territorial de Pontevedra é competente para resolver este procedemento, en virtude do Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Vistos os preceptos legais citados e demais normas de xeral aplicación, RESOLVO:

Inscribir os titulares da xunta directiva ou órgano de representación da **Asociación de persoas con discapacidade do Salnés Anduriña** de conformidade co expresado no feito primeiro desta resolución, e depositar no Rexistro a documentación preceptiva para os efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución. Esta inscrición non exonera os interesados do cumprimento da normativa vixente reguladora das actividades necesarias para o desenvolvemento dos fins estatutarios.

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no prazo dun mes, de acordo co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común.

Pontevedra, 25 de xuño de 2018

A xefa territorial

Marta Mariño Regueiro

